Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

NOVAS / INICIATIVAS

Polafía en Vilamartín de Valdeorrras

CENTRO SOCIOCULTURAL "SANTA LUCÍA"

Sábado, 15 de novembro de 2008, ás 5 da tarde. Entrada libre

Coa intervención do músico XAVIER BLANCO e de VECIÑAS e VECIÑOS da comarca de Valdeorras

Colaboran : Agrupación Cultural "Abertal" / Asociación de Mulleres Rurais "Cima de Vila" / Xornal "O Sil" e concello de Vilamartín de Valdeorras

Divulgador: Antonio Reigosa

Recitador: Isidro Novo

Organiza. AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega)

Patrocina: Consellería de Cultura e Deporte, Dirección Xeral de Creación Cultural.

Nota: Ao remate celebrarase un magosto popular organizado pola Asociación de Mulleres Rurais "Cima de Vila"

POLAFÍA

As polafías son unha proxecto da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), coordinado polo Vogal de Literatura de Tradición Oral, Antonio Reigosa, que conta coa colaboración de diversas asociacións e institucións.

A palabra polafía é un neoloxismo referido ás reunións ou veladas de carácter festivo con contidos literarios e musicais, e ten como obxectivo primordial o de poñer en valor e rescatar do esquecemento o valioso patrimonio oral, literario e musical, galego. O termo polafía quere reunir no seu significado o mellor dos diferentes matices e acepcións de vellas palabras (polavilas, fías, fiadas, fiandóns, seráns,...) con semellantes contidos. A principal diferenza, en canto ao desenvolvemento, daquelas xuntanzas de antigo co desta nova proposta é que agora podemos, e debemos, axudarnos das novas tecnoloxías, desde os aparellos de gravación, que favorecen o arquivo e estudo do recompilado, ata o uso de novas tecnoloxías, caso de internet, que poden contribuír a unha ampla difusión deste patrimonio.

O formato das polafías require a presenza dun mantedor, divulgador ou especialista que introducirá e comentará as principais características das pezas e xéneros literarios amosados, dun recitador de poesía anónima ou de autor de feitío popular; dun músico, que interpretará romances, coplas ou cantares de raiceiras tradicionais. Sen embargo, o elemento humano transcendental e imprescindible no desenvolvemento de cada polafía constituírano os homes e mulleres, narradores, cantadores, romanceadores...etc, veciñas e veciños de cada lugar onde se desenvolva a polafía, pois eles son os auténticos protagonistas, os que xenerosamente transmiten o seu saber.

O que suceda nas polafías será gravado e logo difundido a través da web da AELG. As polafías terán unha duración aproximada de arredor de 90 minutos.

PRÓXIMAS POLAFÍAS

-Sábado, 22 de novembro, ás 6 da tarde no Museo Etnográfico de San Paio de Narla, Friol (Lugo)

-Sábado, 6 de decembro, ás 6 da tarde, en Riotorto (Lugo).

